

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 20 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.*

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia. Este, no artigo 27.19, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia, e, no artigo 32, que lle corresponde ao Goberno da nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Compételle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos colectivos, persoas físicas, corporacións locais e industrias culturais que desenvolvan un labor cultural dentro do seu ámbito competencial.

No eido concreto das corporacións locais e das súas entidades públicas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro da súa aposta pola dinamización cultural do país, considera necesaria a mellora das condicións de equipamento e a mellora das condicións técnicas dos locais destas entidades co fin de abrir as súas ofertas culturais aos novos campos da cultura, e facilitar así o reequilibrio territorial na distribución cultural.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere establecer con esta orde un instrumento que, axeitándose á normativa



xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, consonte os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados á mellora e equipamento dos locais das corporacións locais e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Finalidade e obxecto*

1. Esta orde ten como obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas á mellora e equipamento dos locais das corporacións locais e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para o ano 2013, no que atinxe á mellora do equipamento e das dotacións técnicas dos locais destinados a actividades culturais, conforme o procedemento que a continuación se establece.

Inclúense nesta orde os equipamentos e dotacións realizados desde o 1 de xaneiro de 2013 ata a data límite de xustificación da orde.

2. Para os efectos desta convocatoria, enténdense por locais de corporacións locais e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia aqueles que son propiedade das citadas entidades, sitos en Galicia e que contribúan ao fomento da cultura en Galicia.

3. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No desenvolvemento desta orde observárase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



b) Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

d) Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, o Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e a Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Feder e o Fondo de Cohesión.

e) Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2013.

E supletoriamente:

f) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

g) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que será de aplicación só nos seus preceptos básicos.

h) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 2. *Imputación orzamentaria e contía*

1. As subvencións reguladas nesta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 09.20.432B.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2013; o importe global destinado ascende a catrocentos mil euros (400.000 €), cofinanciados nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

2. Este importe inicial pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Estas subvencións están cofinanciadas con fondos Feder, por medio do programa operativo Feder (2007-2013), regulados pola normativa recollida no punto 4, letra d), do artigo 1 desta orde; as actuacións obxecto das subvencións están comprendidas dentro do eixe 5, tema prioritario 59 e actuación 2.

A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

3. A dotación das axudas será destinada a:

- Realización de investimentos de equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, xeral de sala, sistemas de prevención e seguridade e novas tecnoloxías, así como accións encamiñadas á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

4. A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 50.000 euros, que en ningún caso poderá exceder o 75 % do orzamento total do proxecto subvencionable. Este importe de 50.000 euros ascenderá a 57.500 euros cando se trate de solicitudes conxuntas, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).

5. O importe máximo destas axudas non poderá, en ningún caso, superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias; estas axudas serán compatibles, para os mesmos gastos subvencionables, con outras axudas concedidas por entidades públicas ou privadas sempre que a acumulación de axudas non supere a totalidade do custo elixible e se respecten as condicións establecidas en cada réxime de axudas, na normativa nacional e comunitaria aplicable.

En caso de que o conxunto das axudas supere o custo das actividades, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente. Ao estar este réxime de axudas dentro do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 os gastos cofinanciados por un fondo non poderán acollerse a outras axudas procedentes do mesmo fondo ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios, de conformidade co artigo 34 do Regulamento (CE) 1083/2006.



### Artigo 3. *Beneficiarios*

1. Poderán optar a estas subvencións os concellos de Galicia e as súas entidades públicas, así como agrupacións de concellos, titulares de locais culturais, cunha programación estable ao longo do ano.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 4. *Presentación de solicitudes, prazo e documentación*

Os concellos e entidades públicas con personalidade xurídica propia que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante unha instancia dirixida á Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A presentación poderase facer a través das dúas formas seguintes:

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e no 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

2. Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado co selo de Correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

3. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as co-



pias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e no 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

4. Para a presentación das solicitudes entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Á solicitude xuntaráse a documentación que a seguir se relaciona:

- a) Anexo II cuberto.
- b) Memoria dos programas e actividades desenvolvidos polo concello.
- c) Resumo das actividades culturais levadas a cabo no local para o que solicita a subvención, nos dous anos anteriores.
- d) Memoria do proxecto de investimento, segundo o anexo III.
- e) Certificado do órgano competente, en que se faga constar que a corporación local ou as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia se comprometen a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lles corresponda.
- f) Orzamento desagregado do proxecto.
- g) Poderá achegar calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude. As memorias e o orzamento deberán estar debidamente asinados.

3. Os anexos I, II e III desta orde poderanse obter a través da Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>, directamente, ou tamén a través do portal [www.xunta.es](http://www.xunta.es).



**Artigo 5. *Emenda de solicitudes***

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 6. *Instrución do procedemento e selección de solicitudes***

1. Correspóndelle á Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a instrución do procedemento de concesión de subvencións, que desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. A comisión de avaliación a que fai referencia o punto 3 do artigo 1 estará constituída polos seguintes membros:

a) Presidente: o secretario xeral de Cultura.

b) Catro vogais: a subdirectora xeral de Xestión e Coordinación Cultural, o xefe do Servizo de Xestión Administrativa, dous funcionarios designados polo secretario xeral de Cultura, dos que un deles actuará como secretario.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe o secretario xeral de Cultura.

3. A comisión valorará os expedientes, consonte os seguintes criterios prioritarios:

a) As solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar) poderán obter unha puntuación de 30 puntos (dun total de 100), baixo as dúas seguintes modalidades:

a.1. Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agás a de fusión municipal), tendo en conta os seguintes aspectos:

a) Pola mera presentación da solicitude conxunta nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias: 10 puntos.



b) Tendo en conta o número de concellos asociados, número de servizos que se van prestar de forma compartida, repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total dos concellos participantes no proxecto: 10 puntos en total, desagregados do seguinte xeito:

- Número de concellos asociados: 4 puntos.
- Número de servizos que se van prestar de forma compartida: 3 puntos
- Repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total dos concellos participantes no proxecto: 3 puntos.

c) Pola presentación dunha memoria de aforro de custos respecto da prestación de modo individual: 10 puntos.

a.2. Fusión municipal: outorgaranse 30 puntos pola mera presentación da solicitude por parte da entidade resultante da fusión nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias. Serán inadmitidas aquelas solicitudes conxuntas en que non se acredite a realización conxunta dunha actuación ou servizo e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local. Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, deberá acreditarse que o servizo se presta de xeito mancomunado, metropolitano ou consorciado e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

c) Realización de investimentos destinados a fomentar novos usos do local: 5 puntos.

d) En función da finalidade do investimento. Se máis do 50 % do orzamento se destina da forma seguinte:

- Realización de investimentos relacionados coa supresión de barreiras arquitectónicas: 5 puntos.
- Realización de investimentos relacionados con novas tecnoloxías: 5 puntos.
- Realización de investimentos para dotar de medidas de seguridade e extinción de incendios: 5 puntos.
- Realización de investimentos relacionados coas actividades de fomento da lingua e da lectura: 3 puntos.





- Realización de investimentos relacionados coas artes escénicas (excluídos a iluminación e son): 3 puntos.
  - Realización de investimentos relacionados coa iluminación e son: 2 puntos.
  - Realización de investimentos relacionados co equipamento audiovisual ou equipamento xeral: 1 punto.
- e) Número de actividades culturais realizadas no local para o que se solicita a subvención, nos dous anos anteriores: ata 5 puntos.
- f) Repercusión territorial das actividades da entidade: repercusión en toda a comunidade: 10 puntos; repercusión de ámbito comarcal ou superior: 5 puntos, e repercusión local: 3 puntos.
- g) Nivel de autofinanciamento: superior ao 25 % ata o 40 %, 2 puntos; superior ao 40 % ata o 60 %, 3 puntos, e superior ao 60 %, 5 puntos.

O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará proposta de resolución motivada e concederá subvencións ata o límite do crédito dispoñible.

Esta resolución terá carácter de provisional cando concorran as circunstancias previstas no artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar o beneficiario a reformular a súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

No caso de empate, para desempatar terase en conta, en primeiro lugar, o criterio de autofinanciamento e, en segundo lugar, a data de presentación de solicitude.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a ela, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria e adxudicar o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

#### Artigo 7. *Resolución*

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de 15 días desde a elevación da proposta de resolución, ditará a resolución de concesión de acordo



co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 8. *Notificación e desestimación*

O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa non poderá superar os sete meses, en aplicación do Plan de acción de redución de cargas administrativas aprobado polo Consello de Ministros en xuño de 2008; a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma, en aplicación deste plan, propón como medida indirecta para a redución das cargas administrativas a redución dos prazos legais e efectivos na tramitación dos procedementos nun 20 % (o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece un prazo de 9 meses).

O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

O vencemento do citado prazo de 7 meses sen que se notifique a resolución expresa faculta o interesado para entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

#### Artigo 9. *Aceptación, xustificación e pagamentos*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria.

2. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento, antes do 1 de outubro de 2013; en caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. O cumprimento efectivo dos fins para os que foi concedida a axuda acreditarase por medio da presentación de orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

a) Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



b) Relación de gastos ordenada segundo o concepto a que se atribúe, fotocopia compulsada das facturas e xustificantes bancarios do seu aboamento.

c) Memoria explicativa do proxecto realizado en relación coa axuda concedida, xunto coa porcentaxe de autofinanciamento do investimento que para o mesmo proxecto fixo o beneficiario.

d) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado que o financiamento das actuacións é con fondos Feder e co obxecto de facilitar o labor das auditorías, os beneficiarios deberán achegar na xustificación toda a documentación correspondente ao proceso de adxudicación de acordo co establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público; así mesmo, débese ter en conta o establecido no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, e no caso de ter que solicitar as tres ofertas tamén as deberán achegar xunto coa xustificación.

3. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ao estar este réxime de axudas dentro do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 os gastos cofinanciados por un fondo non poderán acollerse a outras axudas procedentes do mesmo fondo ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios, de conformidade co artigo 34 do Regulamento (CE) 1083/2006.

No momento da xustificación da execución do proxecto e, en calquera caso, antes do pagamento, o petionario debe presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.



4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

5. Unicamente serán gastos subvencionables os recollidos na Orde EHA/524/08 pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión (BOE núm. 53, do 1 de marzo).

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados na data límite de xustificación establecida no punto 2 do artigo 9.

Os gastos cofinanciados non poderán acollerse a outras axudas procedentes do mesmo fondo ou doutros fondos ou instrumentos comunitarios, e a axuda só será definitiva se non sofre, antes de transcorridos cinco anos da súa concesión, unha modificación que afecte a natureza do investimento, ao cesamento da súa actividade e os postos de traballo.

#### Artigo 10. *Obrigas dos beneficiarios*

Os beneficiarios das subvencións quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. E, en concreto, estarán obrigados a:

1. Os beneficiarios das subvencións, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal fosen concedidos. Os servizos técnicos da Xunta de Galicia realizarán a comprobación explícita da execución da obra.

2. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade xerada polo proxecto subvencionado que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia, e, así mesmo, farase constar que as actuacións están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), co obxecto de dar cumprimento ás obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas nos regulamentos (CE) nº 1083/2006, nº 1828/2006 e nº 846/2009.



3. Cando os beneficiarios non sexan as propias corporacións locais, ou organismos autónomos delas dependentes, deberán achegar os xustificantes a que se refire o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e, se é o caso, os servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas. Así mesmo, o beneficiario queda obrigado a manter unha separación contable adecuada.

5. No caso de que o concello concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, observárase o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas). Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

Así mesmo, deberase ter en conta para gastos subvencionables e non subvencionables o establecido na Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión (BOE núm. 53, do 1 de marzo).

6. Dado que estas subvencións están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) os beneficiarios deberán ter en conta os seguintes puntos, con motivo da adecuación á normativa comunitaria:

- Os beneficiarios estarán obrigados a cumprir as obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Co-



misión, do 8 de decembro de 2006, e no artigo 1, números 1 e 2 do Regulamento (CE) nº 846/2009 da Comisión, do 1 de setembro de 2009.

• De acordo co artigo 9 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, e o artigo 1.2.a) do Regulamento (CE) 846/2009 da Comisión, do 1 de setembro, todas as medidas de información e publicidades establecidas incluírán os elementos seguintes:

- O emblema da Unión Europea.
- Referencia ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).
- Declaración do Fondo: «Unha maneira de facer Europa».
- Proporcionalidade entre emblemas.

Este plan pode consultarse na páxina web seguinte:

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/area-de-planificacion-e-fondos>

• Debe terse en conta a Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, relativa aos gastos subvencionables polo Feder e o Fondo de Cohesión.

• Débese manter o investimento durante cinco anos, segundo o previsto no artigo 57 do Regulamento (CE) 1083/2006.

• Débese conservar a documentación, por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, tal e como se define no artigo 89.3 do antedito regulamento e facer unha separación contable dos gastos que facilite a pista da auditoría.

• Garantírase, a través dunha declaración do conxunto de axudas recollida no artigo 9.3 desta orde, que o conxunto de axudas que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das administracións ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non supere o custo elixible do investimento subvencionable.



**Artigo 11. Reintegro da axuda e procedemento sancionador**

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria instruirá un expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, pode dar lugar á modificación da resolución de concesión ou da axuda concedida.

**Artigo 12. Recursos**

Contra esta orde e contra os actos resolutivos referentes a ela, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente, interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición perante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Artigo 13. Publicidade**

1. Os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención, ao abeiro do disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a



autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Consonte o artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.

4. Por tratarse de fondos Feder a aceptación da subvención supón a súa publicación na lista de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006, do 8 de decembro, da Comisión.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase o secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria







**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO I

|   |   |                                |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDIMENTO<br><b>SUBVENCIONS A CONCELLOS DE GALICIA E ÁS SÚAS ENTIDADES E AGRUPACIONS DE CONCELLOS PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIONS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓ DE ACTIVIDADES CULTURAIS</b> | CÓDIGO DO PROCEDIMENTO<br><b>CT211B</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|---|---|--------------------------------|

|                                      |            |                      |
|--------------------------------------|------------|----------------------|
| <b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b> |            |                      |
| ENTIDADE                             | NIF        |                      |
| ENDEREZO                             | LOCALIDADE |                      |
| CÓDIGO POSTAL                        | PROVINCIA  | CONCELLO             |
| TELÉFONO                             | FAX        | ENDEREZO ELECTRÓNICO |

|                                  |                  |                      |     |
|----------------------------------|------------------|----------------------|-----|
| <b>E, na súa representación,</b> |                  |                      |     |
| NOME                             | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO      | NIF |
| TELÉFONO                         | FAX              | ENDEREZO ELECTRÓNICO |     |

|  |            |                      |  |
|--|------------|----------------------|--|
| <b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)</b> |            |                      |  |
| ENDEREZO   | LOCALIDADE |                      |  |
| CÓDIGO POSTAL  | PROVINCIA  | CONCELLO             |  |
| TELÉFONO   | FAX        | ENDEREZO ELECTRÓNICO |  |

|   |                                       |  |  |
|---|---------------------------------------|--|--|
| <b>DATOS BANCARIOS</b>  |                                       |  |  |
| DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS CONSIGNADOS RELATIVOS Á CONTA BANCARIA INDICADA |                                       |  |  |
| NOME DA ENTIDADE  | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS) |  |  |

|                                       |                                   |
|---------------------------------------|-----------------------------------|
| <b>DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA</b> |                                   |
| PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR          |                                   |
| LOCAL OBXECTO DA AXUDA                | ÁMBITO DE REPERCUSIÓN TERRITORIAL |
| CONTÍA DO PROXECTO:                   | CONTÍA SOLICITADA                 |

|   |  |
|---|--|
| <b>DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA</b>   |  |
| <input type="checkbox"/> Anexo II cuberto   | <input type="checkbox"/> Certificado do órgano competente, en que se faga constar que se compromete a achegar a porcentaxe do orzamento que lle corresponda. |
| <input type="checkbox"/> Memoria dos programas e actividades culturais desenvolvidos.                     | <input type="checkbox"/> Memoria do proxecto de investimento (anexo III).  |
| <input type="checkbox"/> Actividades levadas a cabo no local obxecto das axudas nos dous anos anteriores. | <input type="checkbox"/> Orzamento desagregado do proxecto.  |

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

CVE-DOG: vd0b5g01-ubf1-fj48-nuf8-1ly6ybilieh9



ANEXO I  
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 20 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

## SINATURA DA PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral de Cultura

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA





## DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DAS AXUDAS

Don/Dona  con NIF nº   
en nome e representación da entidade   
con NIF nº

## DECLARA

- Non ter solicitadas outras axudas públicas para o proxecto.  
 Ter solicitadas axudas para o proxecto dos organismos que se relacionan a continuación.

## AXUDAS CONCEDIDAS

| ORGANISMOS | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|------------|-----|-------------|------------------------|
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |

## AXUDAS SOLICITADAS

| ORGANISMOS | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|------------|-----|-------------|------------------------|
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante DECLARA que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

## SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



